



***El grupo Nós. Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas y Antonio Losada Diéguez por Ricardo Carballo Calero***

Tradución, introdución e notas de M.<sup>a</sup> Pilar García Negro,  
Ed. La balsa de la medusa, Madrid, 2018

Volver ler o capítulo senlleiro sobre o «grupo Nós» da *Historia da Literatura Galega Contemporánea* de Ricardo Carvalho Calero, como magnífico pórtico de entrada no centenario da revista *Nós* (1920-2020) e no «Ano de Carvalho Calero» (2020).

A «xeración Nós» ou «grupo Nós» foi, posiblemente, a máis senlleira das xeracións galegas, o colectivo máis xenial e frutífero da historia da cultura galega; ao que pertencen tres xigantes: Castelao, Otero Pedrayo e Risco. O seu compromiso coa cultura e o pobo de Galiza sentaron as bases do galeguismo, e aínda do nacionalismo galego. «Por eles tamén nós somos nós», ten escrito con acerto Carlos Baliñas. E Chao Rego: «Hoxe constitúen non só obrigado, senón aínda máis, devoto punto de referencia para aqueles que queiran enrolarse na ringleira dos bos e xenero-

sos». Desde que souben deles na miña mocidade, Castelao, Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas, foron persoeiros moi queridos para min, sobre todo os dous primeiros; eles forman xa para sempre parte moi importante da miña historia de compromiso co galego e con Galiza. Non nado na Galiza, senón chegado de fóra, sen eles, posiblemente, o meu vencello a esta Terra non sería tal. Por iso, dediqueilles o meu primeiro libro *A xeracións «Nós». Galeguismo e relixión* (Galaxia, 1988) —que vén de cumprir xa os seus 30 anos, e foi o primeiro libro que se publicou sobre o senlleiro grupo—. Xosé Chao di no Limiar do meu libro: «Unha introdución como aínda non existe para entendermos á xeración Nós». Dediqueilles tamén unha parte importante do meu seguinte volume *Galegos e cristiáns. «Deus fratresque Gallaeciae»* (SEPT-Galaxia,

1995), e bastantes artigos máis aparecidos en publicacións galegas como *Encrucillada*, *Grial*, *Irimia*, etc.

O longo capítulo que lle dedicou Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Santiago 1990) ao grupo Nós na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (Galaxia 1963, 2.<sup>a</sup> edición ampliada en 1975, 3.<sup>a</sup> e última en 1981), é un fito fundamental e inaugural para comprender esta xeración, así como a literatura galega desde comezos do século XIX até mediados do século XX. Desgraciadamente, a obra non se volveu editar ao longo dos case corenta anos que pasaron desde entón. ¿Falla de interese do público lector e comprador, ou falla de interese da editorial na que veu a luz, por ser o seu autor un «herexe» do galego, a causa do seu reintegracionismo? Vía hai un tempo un magnífico debuxo dun monumento a Carvalho Calero coa lenda «As Letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero, en desagradio». Afortunadamente, 2020 vai ser a data significada e simbólica na que se lle dediquen a este gran escritor e investigador as Letras Galegas e sexa declarado Ano de Carvalho Calero.

O baleiro de catro décadas na reedición da *Historia da Literatura Galega Contemporánea* veno encher, polo que respecta ao capítulo da xeración Nós, un libro que veu a luz recentemente; a tradución castelá, con Introducción e notas da filóloga e profesora M.<sup>a</sup> Pilar García Negro: *El grupo Nós. Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas y Antonio Losada Diéguez*.

Este volume aparece nun momento importante, como pórtico do centenario da aparición da revista *Nós* (2020), que lle dá nome á senlleira xeración que a levou adiante: o grupo ourensán formado sobre todo por Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino Cuevillas, xunto con Castelao. Este volume aparece nun momento delicado e conflitivo para a mesma cultura e lingua galega, en claro descenso.

Como reconece García Negro na introdución, a obra de Carvalho Calero «eríxese como obra realmente inaugural, auro-ral, posuidora por primeira vez dunha metodoloxía moderna e actualizada». A *Historia da Literatura Galega Contemporá-*

nea viu a luz valentemente nun momento especialmente conflictivo para o galego: a última década da ditadura franquista, coa súa terrible censura; un marco político que condicionou a expresión de autores prohibidos, polo que marabilla «a capacidade do seu autor para non ocultar nada relevante de personalidades que son inintelixibles se prescindimos da súa dimensión política e social», particularmente no caso de Castelao.

As case 30 páxinas de texto apertado da obra en formato grande de Carvalho Calero, na edición de 1981, convértese nun magnífico e agradable libro de 140 páxinas, grazas á excelente Introducción («El grupo Nós en la historia de Galicia»), tradución e notas de M.<sup>a</sup> Pilar García Negro. Como lembrarán os que lemos e aprendemos na *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, o capítulo «O grupo 'Nós'» (cap. XI, pp 633-687) ten 19 apartados, que aquí son separados como capítulos: «A revista Nós». «A personalidade de Vicente Risco». «A súa obra narrativa». «A súa obra ensaística». «Vida de Castelao». «A súa personalidade literaria». «Castelao narrador». «Caste-

lao dramaturgo». «Castelao ensaísta». «Perfil biográfico de Otero Pedrayo». «A obra literaria. Novelas». «Narrativa breve». «Valor da narrativa de Otero Pedrayo». «Ensaio». «Teatro». «Poesía». «Estilo». «Florentino Cuevillas». «Antonio Losada Diéguez».

As notas de García Negro aclaran en ocasións aspectos do texto de Carvalho Calero que poden ser descoñecidos sobre todo para o lector non galego: A razón de ser da verba *Nós*, que eran as Irmandades da Fala ou o Seminario de Estudos galegos, algunha breve indicación bibliográfica complementaria, aclaracións sobre algúns nomes menos coñecidos como Xulián Magariños ou o mesmo Antolín Faraldo... Pero bótase en falta algunha corrección de erros do texto de Carvalho Calero. Coma o feito de que o autor semella descoñecer o último número publicado da revista *Nós*. Di Carvalho que este foi o número 137-138, e que estaba preparado xa no prelo o número 139-140, que non aparece a causa de estoupar a guerra civil; pero o número 139-144 vería a luz anos despois; podemos gozalo hoxe grazas á edición facsímile

de Galaxia: «Nós. Boletín mensual da cultura galega», tomo VI, Vigo 1979. Unha publicación que debeu coñecer o autor, pois fala no seu texto dun número especial, o n.º 145, publicado nese tomo con ocasión da celebración do cincuentenario da revista (1970), con textos da meirande parte dos colaboradores aínda vivos da revista; pero non fala do n.º 139-144, que ignorará o lector que non tivera acceso á edición de Galaxia.

Tamén se bota en falta nesta tradución/edición do capítulo sobre o grupo Nós da *Historia da Literatura Galega Contemporánea* algunhas notas que completaran a obra publicada dos máis salientables persoeiros citados e estudados: Vicente Risco, Castelao e Otero Pedrayo. Aínda que é certo que Carvalho Calero —como di expresamente en máis dunha ocasión— achégase só aos textos literarios destes autores; no entanto, deixa fóra algunhas publicacións deles, que se poderían citar aquí en notas.

Ao falar de Risco, Carvalho comenta extensamente a súa gran novela *O Porco de Pé* (1928), fala tres liñas da súa

novela didáctica *A coutada* (1928), unhas poucas liñas do libro de lendas *O lobo da xente* (1925), e só nomea *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* (1925); fala un pouco máis do seu primeiro relato breve *Do caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros* (1919) e de *Os europeos en Abrantes* (1927), e finalmente da peza teatral *O bufón do Rei* (1928). Pero nin nomea as súas tres novelas en castelán: *La puerta de paja* (1963), *Gamalandalfa* (1985), *La verídica historia del niño de dos cabezas de Promonta* (1985). Pode que fose porque foran en castelán, ou tamén porque só a primeira vira a luz cando saíu a última edición da *Historia da Literatura Galega*; pero creo que debían citarse aquí en nota. Igualmente, no capítulo dos seus ensaios fálase dos volumes *Leria* (1961) e *Mitteleuropa. Impresións dunha viaxe* (1935). Pero nin se nomea ningún máis dos outros ensaios de Risco, aínda que foran a maioría en castelán: *Teoría do nacionalismo galego* (1920), *Elementos de metodoloxía de la historia* (1928), *El problema político de Galicia* (1930) Manuel Murguía (1933); ou o extenso

volume *Historia de los judíos desde la destrucción del templo* (1944), o seu polémico e moi «risquián» ensaio *Satanás. Biografía del diablo* (1947), a súa *Historia de Galicia* (1952), ou os seus excelentes *Orden y caos* (1968), *Libro de las horas* (1961) e *Mitología cristiana* (1963), sen esquecer o último que veu a luz, xa despois do seu falecemento: *Las Tinieblas de Occidente. Ensayo de una valoración de la civilización europea* (1990).

O estudo que Carvalho Calero fai de Castelao está máis completo. Recolle toda a súa obra narrativa e dramática, tan exigua como magnífica; escrita no que Carvalho cualifica con acerto coma o mellor galego dos tres autores: *Un ollo de vidro* (1922), *Cousas* (1926 e 1929); *Os dous de sempre* (1934), *Retrincos* (1934) e *Os vello non deben de namorarse* (1953). Da súa obra ensaística, céntrase só en *Sempre en Galiza* (1944 e 1961); aínda que cita *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (1949); asemade os seu álbums gráficos (sobre todo os máis conflictivos para citar cando a súa *Historia da Literatura Galega* veu a luz nos derradeiros anos

da ditadura: *Galicia mártir, Atila en Galicia e Milicianos*). Hoxe habería que lembrar tamén a publicación que se foi facendo dos textos e diarios de arte de Castelao (sobre todo o seu *Diario 1921*) e outras prosas.

En fin, Carvalho dedícalle máis espazo á obra inmensa de Otero Pedrayo, as súas miles e miles de páxinas publicadas, na que quedan fóra tamén obras relevantes que se poderían citar aquí. Da narrativa en galego fálase de case toda a obra publicada, agás dos volumes de relatos breves *Contos de Santos e Nadal* (1932) e *O Maroutallo* (1974). Pero debería facerse referencia tamén ás súas catro novelas en castelán: *Las palmas del convento* (1941), *Adolescencia* (1944), *La vocación de Adrián Silva* (1950) e *La fiesta del conde Berstein* (publicada serodiamante en 1988). Das obras de teatro fálase só de *A lagarada* (1928) e *O desengano do prioiro* (1952); pero habería que citar tamén *Teatro de máscaras* (1934), *Macías o Namorado* (1959), *Rosalía* (1959), *O fidalgo e a noite* ou *Noite compostelá*, e outras obras publicadas en *Teatro ignorado* (Galaxia, 1991). En poesía, fálase só de *Bocarribeira*

(1958); pero hoxe habería que citar tamén outros poemarios publicados recentemente como *Poesía* (Galaxia, 2010) ou *Xeóricas do pan* (Galaxia, 2013). En fin, a obra de ensaio de Otero é inmensa (teño censado máis de 50 volumes publicados; a meirande parte de xeografía e historia). Carvalho Calero fala aquí sobre todo do *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (1933), pero tamén da *Guía de Galicia* (1926), a primeira obra ensaística de Otero, *Síntese xeográfica de Galicia* (1926) e *Pelerinaxes* (1929); e fai referencia a *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia* (Galaxia, Vigo 1969), *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal* (1931), *Morte e Resurrección* (1932), *Lembranza de Goethe* (Nós, Santiago 1932), *Polos vieiros da saúde* (1952), *O espello na serán* (1966) e o emotivo *O libro dos amigos* (1953). Pero non cómpre citar outros quince libros máis sobre temas de xeografía; en galego (*Problemas da xeografía galega, Paisaxe e cultura*, etc.) e castelán (*Paisajes y problemas geográficos de Galicia, Las ciudades gallegas, Geografía de España* en 2 vols.,

etc.). E outros vinte ensaios máis de historia e literatura dos que se podía poñer a referencia, como é o caso de: *Unha impresión da Galicia do Sul no século XVIII* (1929), *Breve historia de Galicia* (1939), *Galicia. Una cultura de occidente* (1975), ou o suxerinte volume publicado recentemente *Una historia del arte universal* (2004). En fin, ademais de *O libro dos amigos*, Otero ten varios ensaios sobre persoeiros como Xelmírez, Padre Feijóo, Marcelo Macías, Varela de Montes, Prieto Nespereira, Florentino Cuevillas ou Castelao.

Cómpre concluír dicindo de novo que me parece un gran acerto a publicación deste volume de Ricardo Carvalho Calero. E paréceme tal por varias razóns:

- En primeiro lugar, por lembrar a estes senlleiros persoeiros aos que tanto lles debe a cultura galega. E facelo no centenario da aparición da revista *Nós*, que segue sendo aínda unha referencia de revista de alta cultura, e unha fonte de información, estudo e pensamento.

- Porque, como afirma con acerto García Negro, a do grupo Nós «é unha literatura que non ten envellecido», segue sendo moderna, e continúa interpelando ao lector actual «aínda necesitado de descubrir o seu propio país, como eles mesmos o viviron, necesitado aínda dunha anagnórise cordial que o revele na súa natureza auténtica».
- A versatilidade e o humanismo polígrafo dos seus autores son un exemplo para hoxe, con tanta mentalidade plana, ou reducida nos individuos aos seus intereses especializados, excluindo as outras perspectivas culturais e científicas. Sobre todo Castelao e Otero dan a meirande mostra diso. Creación, investigación, compromiso político e social... «Todo por Galiza», como gustaban repetir: un pobo, unha terra, unha fala; claramente distanciados do «*regionalismo bien entendido*», e afirmando a condición nacional de Galicia.
- En fin, o libro de Carvalho Calero, ademáis de ser «obra inaugural» e de referencia –como reconece García Negro–, resulta sumamente actual. A pesar do marco restritivo no que viu a luz, cos imperativos da censura franquista, manifesta unha liberdade de expresión, unha información e unha análise da que aínda hoxe aprendemos; asemade «define os principios epistemolóxicos básicos para a conceptualización e delimitación da literatura galega», como di M.<sup>a</sup> Pilar García Negro.

**Victorino Pérez Prieto**